NOME OU RAZÓN SOCIAL	CIF	DURACIÓN	P. AX.	CÓDIGO PROXECTO	TÍTULO	1ª ANUALIDADE	2ª ANUALIDADE	TOTAL
DISENO Y SERVICIOS GRAFICOS, S.L. (DIGRAF)	B-15313401	2	SÍ	PGIDT99COM008E	APLICACIÓN DE TÉCNICAS DE ILUMINACIÓN INFOGRÁFICA POR RADIANCIA PARA A CREACIÓN AUDIOVISUAL NA ANIMACIÓN EN 3D.	8.000.000	2.000.000	10.000.000
EUROESPES S.A.	A-15319152	2	SÍ	PGIDT99COM007E	SISTEMA DE INFORMACIÓN SOBRE A DEMENCIA SENIL CON DISCAPACITADOS EUROESPES (DASDE)	2.300.000	1.700.000	4.000.000
ASOCIACIÓN NACIONAL DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PESCADOS Y MARISCOS (ANFACO)	G-36025809	1		PGIDT99COM008E	IMPLEMENTACIÓN DUN SISTEMA DE XERACIÓN AUTOMÁTICA DE WEB PARA O SECTOR INDUSTRIAL TRANSFORMADOR E CONSERVEIRO DE PRODUCTOS DA PESCA, ACUICULTURA E SECTORES ANEXOS.	1.000.000		1.000.000

P. Ax. Nesta columna figuran aqueles proxectos de investigación ós que se lles autoriza a contratación de persoal auxiliar.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Resolución do 15 de novembro de 1999 pola que se lle dá publicidade á parte dispositiva da Sentencia 572/1999, do 22 de xullo, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Visto pola sección segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o recurso contencioso-administrativo número 02/0005417/1996, interposto por Pastora Álvarez Varela, contra desestimación por silencio da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do recurso ordinario contra resolución da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña do 4-5-1995, que aprobou o texto refundido do proxecto das normas subsidiarias de planeamento municipal do Concello de Arteixo; dictouse a sentencia 572/1999, do 22 de xullo, agora firme, pola que se estimaba parcialmente o dito recurso.

Polo tanto, de conformidade co disposto nos artigos 103 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e co fin de levar a puro e debido efecto a dita sentencia, este departamento resolve darlle publicidade á parte dispositiva da sentencia número 570/1999, do 22 de xullo de 1999, que a seguir se transcribe:

«Decidimos: estimamos en parte o recurso contencioso-administrativo interposto por Pastora Álvarez Varela contra a desestimación por silencio pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do recurso ordinario interposto pola demandante contra a Resolución do 4-5-1995 da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña que aprobou o texto refundido das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Arteixo, actos que anulamos por non seren conformes a dereito no que se refire á parcela da demandante descrita no feito primeiro da demanda, e declaramos que as ditas normas subsidiarias han de ser modificadas para efectos de excluí-la referida parcela da UA-47 e proceder á súa clasificación e cualificación como solo urbano rexido pola Ordenanza URTA-1. No demais desestimámo-lo recurso.».

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 1999.

P.D. (Orde 13-12-1993)

José Antonio Fernández Vázquez

Secretario xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

Resolución do 15 de novembro de 1999 pola que se lle dá publicidade á parte dispositiva da Sentencia 576/1999, do 22 de xullo, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Visto pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o recurso contencioso-administrativo número 02/0005423/1996, interposto por Amalia Lafuente Varela, contra desestimación por silencio da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do recurso ordinario contra resolución da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña do 23-3-1995, que aprobou definitivamente o proxecto das normas subsidiarias de planeamento municipal de Arteixo; dictouse a Sentencia 576/1999, do 22 de xullo, agora firme, pola que se estimaba parcialmente o dito recurso.

Polo tanto, de conformidade co disposto nos artigos 103 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, e co fin de levar a puro e debido efecto a dita sentencia, este departamento resolve darlle publicidade á parte dispositiva da sentencia número 570/1999, do 22 de xullo, que a seguir se transcribe:

«Decidimos que, estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por Amalia Lafuente Varela contra desestimación presunta, por silencio administrativo, do recurso ordinario formulado por Amalia Lafuente Varela contra acordo da Comisión Provincial de Urbanismo, do 23 de marzo de 1995, sobre aprobación definitiva do proxecto de normas subsidiarias de planeamento do termo municipal de Arteixo, debemos anular e anulámo-lo mencionado acordo no extremo relativo á cualificación urbanística do Monte Penouqueira como UA-44 con ordenanza URTA-2; con desestimación das restantes pretensións».

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 1999.

P.D. (Orde 13-12-1993)

José Antonio Fernández Vázquez

Secretario xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 15 de novembro de 1999 pola que se modifica o concerto educativo cos centros docentes privados da Comunidade Autónoma de Galicia que no anexo se relacionan.

Por Orde do 31 de xullo de 1998 (DOG do 19 de agosto) e a corrección de erros publicada no